Para a avaliación de progreso, ao final do primeiro cuadrimestre, cada profesor/a elaborará un informe personalizado, baseado nos descritores das grellas de avaliación utilizadas nas probas de certificación coas tarefas realizadas polos alumnos que teñen programadas nas unidades didácticas. No caso das comprensións escrita e oral, terase en conta criterios mínimo exhibibles de cada nivel. O informe será acompañado por unha calificación sobre 25 para cada unha das actividades de lingua.



Este informe será enviado por mensaxe privada a través da aula virtual, ou entregado en papel, segundo escolla do/a propio/a alumno/a.

## 4. METODOLOXÍA

A programación que presentamos está baseada nos principios da metodoloxía comunicativa de aprendizaxe de linguas estranxeiras e na abordaxe de aprendizaxe por tarefas.

Os principios xerais e as especificacións curriculares que constan nestes documentos foron aplicados na nosa programación. O ensino de linguas parte dun modelo cuxa finalidade é o uso do idioma. É unha abordaxe orientada para a acción a que promulga o QECR que, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos neste currículo, tendo en conta as necesidades e intereses dos alumnos. Este enfoque metodolóxico torna posíbel que os alumnos se involvan no proceso de aprendizaxe por medio de tarefas proxectadas con base nos obxectivos fixados para as diversas actividades de lingua, de modo a permitir a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade desta abordaxe será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para desenvolver tarefas con actividades de comprensión, expresión e interacción, e que abranguerán todas as compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). O obxectivo non é ver nas clases os diversos contidos de forma illada. Moi aínda que, por razóns estruturais, estes poidan constar no currículo separadamente, terán que ser integrados na realización das diversas tarefas e actividades, para preservar en todo o momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nalgúns casos os alumnos dispoñen dun libro do alumno atribuído. Aínda que a existencia do tal libro poida ofrecer indubitábeis vantaxes para o profesor e para o alumno, de ningunha maneira será o único material utilizado, por canto sempre hai contidos da programación que o texto non inclúe, sexan eles gramaticais, lexicais ou fonéticos. O obxectivo primordial do/da docente debe ser ministrar todo o reflectido na programación para o ano académico correspondente, e para tal organizará o tempo dispoñíbel e contribuirá cos materiais complementarios necesarios.

Cada estrutura nova que se presentar traballarase tendo como instrumento e meta o uso das cinco actividades de lingua (comprensión, mediación e expresión orais e escritas), dunha maneira integradora e significativa. A aprendizaxe será basicamente práctica, variada e flexíbel. É preciso evitar caer no gramaticalismo en que o profesor monopoliza a atención e o control de toda actividade. Moito ao contrario, debe promoverse a participación dos alumnos propondo actividades baseadas na simulación de situacións reais, empregando materiais auténticos sempre que sexa posíbel, estimulando a adquisición de estratexias de aprendizaxe autónoma, autocorrección e autoavaliación.

Nomeadamente nos primeiros estadios da aprendizaxe, débese ofrecer ao alumno continuo reforzo positivo para vencer o inibidor medo ao erro. As incorreccións son inherentes ao proceso de aprendizaxe dunha lingua tan próxima da que eles usan e han de integrarse como ferramenta útil para a revisión, a autocorrección e o reforzo. Os exercicios a estes niveis serán no inicio bastante controlados e de natureza lúdica cando posíbel, introducindo actividades máis libres cando o alumno adquirir a bastante confianza.

Considerando que a meta final é atinxir a competencia correspondente a cada ano académico nas cinco actividades de lingua básicas, a actividade da clase debe traballar todas elas, sobre todo atendendo aquelas que o alumno non ten facilidade para practicar fóra da sala de clase, isto é, a comprensión e expresión orais. De ningunha maneira un alumno será considerado apto se non atinxiu o nivel suficiente na súa produción oral.

As clases serán ministradas nunha das normas oficiais do portugués. Con todo, teremos en conta que o primeiro ano a velocidade e o vocabulario do profesor deben adaptarse á falta de contactos previos coa lingua.

## **5- Igualdade entre homes e mulleres**

A necesaria igualdade de dereitos entre homes e mulleres, así como unha reflexión profunda sobre os papeis sociais desempeñados por cada xénero, sen esquecer a propia natureza do concepto de xénero, son contidos transversais que están presentes, en maior ou menor medida, en todas as unidades e niveis do noso departamento.

A lingua é o principal vehículo de cultura das sociedades. Por iso as relacións existentes no seo destas ficán naturalmente impregnadas na forma como se fala e escribe. Por poñer exemplos evidentes na lingua portuguesa, a flexión de xénero, as formas de tratamento, ou as expresións idiomáticas reflicten, ademais dun sentido literal que é necesario coñecer, un sentido implícito derivado da conceptualización do mundo e da sociedade, na cal están retratadas as desigualdades entre homes e mulleres.

O ensino de linguas estranxeiras está, por natureza, ligado a diversas realidades sociais. Por un lado, como calquera outra forma de ensino, está ligado á sociedade en que se dá, no noso caso a galega. Por outro, a lingua obxecto de estudo remite para aquelas sociedades en que é de uso habitual, no noso caso a dos países de lingua portuguesa. Isto sitúa o ensino do portugués (como o de calquera outra lingua) nunha posición especialmente favorable para a reflexión sobre a xustiza de xénero. O simple contraste con outras realidades fai inevitablemente explícitos os sentidos implícitos, e desa maneira as desigualdades dunha ou doutra sociedades saen á luz.

Sen descartar ningún outro campo de actuación que poda xurdir, o noso departamento centrará os esforzos para a igualdade de xénero en catro ámbitos: material didáctico, linguaxe inclusiva, visualización da problemática de xénero, visualización da muller na historia, retrato da situación nos países lusófonos, eliminando da docencia de todos os niveis impartidos (A2 a C2) as imaxes estereotipadas de homes e mulleres e substituíndoas por outras que fomenten a igualdade.

### **5.1- Material didáctico**

É aínda tristemente habitual que algúns libros de texto ou materiais suplementares retraten padróns de xénero ultrapasados, por exemplo asignando xéneros ás profesións ou tarefas. O departamento optará, sempre que sexa posíbel, por material que respecte padróns simétricos de xénero, optando pola creación de novo material se fose necesario. Se por algunha razón as circunstancias non o permitisen, e non houberse máis remedio que presentar material con carencias neste aspecto, farase en clase unha reflexión explícita sobre os padróns de xénero presentes no material usado.

### **5.2- Linguaxe inclusiva**

Na sociedade galega, e na española, o uso da linguaxe inclusiva é máis ou menos familiar a toda a cidadanía. Este hábito, destinado a visualizar a presenza de mulleres en contextos públicos, ou a evitar a masculinización do pretensamente neutro, tense concretado de formas diferentes nos países lusófonos. A duplicación do xénero, por exemplo (vg. “todos e todas”), resulta ás veces redundante a ouvidos portugueses ou brasileiros, aínda que non sexa así na nosa sociedade.

Os usos lingüísticos do profesorado durante as clases constitúe un modelo lingüístico que ten repercusión, tanto na sociedade galega, como na aprendizaxe do usos lingüísticos foráneos. Por esta razón, deixarase á escolla do/a docente o uso destes recursos, sendo

necesario explicitar se son incomúns na lusofonía.

Sexa como for, o departamento optará, sempre que a gramática do portugués o permita, por formas que visualicen a presenza de mulleres nos ámbitos públicos (“a médica”, “a presidenta”, etc...). Ademais, e especialmente nos niveis en que os tipos textuais traballados o permitan, levarase a clase o debate sobre o uso da linguaxe inclusiva, tanto no portugués como na sociedade galega.

### **5.3- Visualización da problemática de xénero**

Organizaranse tarefas didácticas que sirvan para reflectir sobre a problemática de xénero, sempre desde o respecto ás escollas e conciencia persoais dos discentes: debates, artigos de opinión, comprensión orais e escritas, etc...

Esta visualización poderá incluír tamén referencias á discriminación por orientación sexual, sobre a natureza social ou biolóxica do concepto de xénero ou sexo, e a introdución da cuestión LGBTI+ na sala de aulas.

### **5.4- Visualización da muller na historia**

Cando se fagan referencias á historia e cultura dos países de lingua portuguesa, terase un especial cuidado para visibilizar figuras históricas femininas, moitas veces invisibilizadas na historia oficial.

Algúns nomes de mulleres que poderán aparecer nas aulas de portugués son: Mumadona Dias, Antónia Rodrigues, Filipa de Lencastre, Juliana Dias da Costa, Antónia Pusich, Antónia Ferreira, Luisa Holstein, Irene Lisboa, Maria Lamas, Florbela Espanca, Maria Helena Vieira da Silva, Catarina Eufémia, Natália Correia, Lourdes Pintasilgo, Paraguaçu, Ana Pimentel, Chica da Silva, Maria Quitéria, Maria Tomásia Figueira Silva, Chiquinha Gonzaga, Narcisa Amália de Campos, Tarsila do Amaral, Bertha Lutz, Carlota Pereira de Queirós, Enedina Alves Marques, Carolina de Jesus, Maria da Penha, Raimunda Putanny Yawanawa, etc...

### **5.5- Retrato da situación nos países lusófonos**

A partir dos puntos anteriores, tentárese reflectir a situación da muller e da diversidade sexual nos diferentes países e culturas de lingua portuguesa.

## **6.- Recursos**

### **6.1- Humanos: composición do departamento**

O departamento de portugués da escola de linguas de Lugo está integrado, durante o presente ano académico 2018-19, polos seguintes profesores:

- Uxio Outeiro Lojo, con destino definitivo neste centro.
- Maria Vilaverde Lamas, coordinadora do departamento, con destino definitivo neste centro.
- Eva María Rodríguez San Martín, profesora interina con destino neste centro.

Por primeira vez e despois de solicitalo moitos anos, contamos con unha axudante lingüística da nosa lingua no departamento que fará un total de 16h distribuídas da seguinte maneira: 1h semanal cos 4 grupos de A2 e 2h semanais cos 2 grupos de B1, os 2 grupos de B2 e o grupo de C1 e C2.

### **6.2- Libros de texto**

#### **6.2.1- Nivel Básico A1-A2**

- Entre Nós 1 - Livro do Aluno c/ CD-Áudio, Método de Português para Hispanofalantes, Ana Cristina Dias, Lidel, (2ª Edição - Livro segundo o novo Acordo Ortográfico) ISBN: 978-972-757-763-7

#### **6.2.2- Nivel Intermedio B1**

Sen libro de texto

#### **6.2.3- Nivel Intermedio B2**

Sen libro de texto

#### **6.2.4- Nivel Avanzado C1**

Sen libro de texto

#### **6.2.5- Nivel Avanzado C2**

Sen libro de texto

### **6.3- Materiais complementarios recomendados**

#### **Nivel Básico A1-A2:**

- *Português XXI, 1, Livro do aluno, Ana Tavares, Lisboa, LIDEL.*

- *Praticar Português*, Nivel Elementar, Helena Lemos, Ed. Lidel
- *Gramática Activa 1*, Lidel
- *Comunicar em português*, Lidel Edições Técnicas
- *Vamos Lá Começar!* Lidel Edições Técnicas.
- Dicionário Visual Através, Através Editora

### **Nivel Intermedio B1:**

- *Entre Nós 2 - Livro do Aluno c/ CD-Áudio, Método de Português para Hispanofalantes, Ana Cristina Dias, Lidel, (2ª Edição - Livro segundo o novo Acordo Ortográfico), 978-972-757-608-1*
- *Português XXI, 2,3 Livro do aluno, Ana Tavares, Lisboa, LIDEL.*
- *Praticar Português*, Nivel intermédio, Helena Lemos, Ed. Lidel
- *Gramática Activa 2, Lidel*
- *Vamos lá Continuar!* Lidel Edições Técnicas.
- Dicionário do Português Básico, M. Vilela. Edições Asa.
- *Português em Directo*, Lidel Edições Técnica
- Manual de pronúncia e prosódia, de Luísa Coelho e Paula Oliveira, Lidel.
- Dicionário Ilustrado de português. Língua estrangeira. Língua segunda. Língua não materna, de Maria Libéria Matos. Porto Editora.
- Compreensão oral em ação B1/B2 mais de 100 exercícios com áudio, Carla Oliveira e Luísa Coelho, Lidel editora.
- Quem conta um conto acrescenta um ponto, atividades de leitura recreativa e escrita criativa B1/B2 de Ana Viegas, Lidel editora

### **Nivel Intermedio B2:**

- *Português XXI, 2,3 Livro do aluno, Ana Tavares, Lisboa, LIDEL.*
- *Praticar Português*, Nivel intermédio, Helena Lemos, Ed. Lidel
- *Gramática Activa 2, Lidel*
- *Vamos lá Continuar!* Lidel Edições Técnicas.
- Dicionário do Português Básico, M. Vilela. Edições Asa.
- *Vamos lá Continuar!* Lidel Edições Técnicas.
- *Portugalizar*, Edición Xerais
- Manual de pronúncia e prosódia, de Luísa Coelho e Paula Oliveira, Lidel.

- Dicionário Ilustrado de português. Língua estrangeira. Língua segunda. Língua não materna, de Maria Libéria Matos. Porto Editora.
- *Português em Directo*, Lidel Edições Técnica
- Compreensão oral em ação B1/B2 mais de 100 exercícios com áudio, Carla Oliveira e Luísa Coelho, Lidel editora.
- Quem conta um conto acrescenta um ponto, atividades de leitura recreativa e escrita criativa B1/B2 de Ana Viegas, Lidel editora

### **Nível Avanzado C1:**

- *Hoje em Dia*, Lidel Edições Técnicas
- *Português Língua Viva*, Editorial Teorema
- Dificultades del Portugués para Hispanohablantes de nivel avanzado, Ana Isabel Briones
- Courrier Internacional (revista, presente na biblioteca da EOI)
- Mapa – Jornal de informação crítica (presente na biblioteca da EOI)
- Português, outra vez, de Helena Ventura e Parvaz Salimov C1/C2
- Português em foco 4, caderno de exercicios e aspetos culturais, Carla oliveira e Luísa Coelho C1/C2 Lidel editora
- Manual de pronúncia e prosódia, Luísa Coelho, Carla Oliveira e João Malaca Casteleiro, Lidel editora
- Compreensão oral em ação C1/C2 mais de 100 exercícios com áudio, Carla Oliveira e Luísa Coelho, Lidel editora.
- Quiosque literário, aprender português com a literatura, B2-C2, de Ana Bela Almeida, Gonçalo Duarte e Joana Meirim, Lidel editora.
- Português atual 3, C1/C2, Hermínia Malcata, Lidel editora.
- Vitória, vitória, acabou-se a história, atividades de leitura recreativa e escrita criativa C1/C2 de Ana Viegas, Lidel editora.



## **Nível Avanzado C2:**

- Português, outra vez, de Helena Ventura e Parvaz Salimov C1/C2
- Dificultades del Portugués para Hispanohablantes de nivel avanzado, Ana Isabel Briones
- *Hoje em Dia*, Lidel Edições Técnicas
- Português em foco 4, caderno de exercícios e aspetos culturais, Carla oliveira e Luísa Coelho C1/C2 Lidel editora
- Português pela rádio, CO e EO de B2 a C2, Helena Lemos, Lidel editora
- Manual de pronúncia e prosódia, Luísa Coelho, Carla Oliveira e João Malaca Casteleiro, Lidel editora
- Compreensão oral em ação C1/C2 mais de 100 exercícios com áudio, Carla Oliveira e Luísa Coelho, Lidel editora.
- Quiosque literário, aprender português com a literatura, B2-C2, de Ana Bela Almeida, Gonçalo Duarte e Joana Meirim, Lidel editora.
- Português atual 3, C1/C2, Hermínia Malcata, Lidel editora.
- Vitória, vitória, acabou-se a história, atividades de leitura recreativa e escrita criativa C1/C2 de Ana Viegas, Lidel editora.

## **6.4- Manuais de consulta recomendados para todos os níveis**

- Dicionário de português língua estrangeira, Texto Editores
- Dicionário Editora da Língua portuguesa (Edição de 2014), Porto Editora
- Dicionário Editora de Espanhol Português (Edição de 2011, de Álvaro Iriarte), Porto Editora
- Prontuário da língua portuguesa. Acordo Ortográfico, Porto Editora
- Dicionário Académico de verbos portugueses, Porto Editora
- Correspondência em português. Comunique de forma eficiente. Porto Editora
- Do Ñ para o NH, de Valentim Rodrigues Fagim, Através Editora
- Guia prático de fonética, acentuação e pontuação, c/CD de áudio, de Hermínia Malcata A2-C2, Lidel

- *Manual de pronúncia e prosódia*, Luísa Coelho, Carla Oliveira e João Malaca Casteleiro, Lidel editora
- *Por falar nisso*, Manual de expressão oral A1-C2, Ana Bóleo e Rita Dourado, Lidel editora
- *Verbos no passado, 100 exercícios A2-C2* de Sofia Rente e Diana Oliveira, Lidel editora.
- *Preposições em ação, 200 exercícios, A2-C2* de Carla Oliveira e Luísa Coelho, Lidel editora.
- *Histórias de bolso, 21 contos de autores lusófonos, B2 –C1* de Gonçalo Duarte, Lidel editora.
- *Vocabulário temático, exercícios lexicais*, de Isabel Ruela e Renato Borges de Sousa A2-B2, Lidel editora
- *Dicionário Global da língua portuguesa, A2-C2*, de Jaime Coelho, Lidel editora.
- *Expressões idiomáticas ilustradas, B1-C2*, de Sofia Rente, Lidel editora.

## 6.5- Ligazóns recomendadas

- A Nossa Galáxia: <https://anossagalaxia.gal/>
- Dicionário Priberam da Língua portuguesa: <http://www.priberam.pt/dlpo/>
- Dicionários Online Porto
- Editora: <http://www.portoeditora.pt/espacolinguaportuguesa/dol/dicionarios-online/>
- Infopedia: <https://www.infopedia.pt/>
- Dicionário Michaelis: <http://michaelis.uol.com.br/>
- Dicionário Caldas Aulete: <https://aulete.com.br>
- Dicionário Electrónico Estraviz: <http://www.estraviz.org/>
- Dicionário Informal (C1-C2): <https://www.dicionarioinformal.com.br/>
- Portal Galego da Língua: [www.pglingua.org](http://www.pglingua.org)
- Instituto Camões: [www.instituto-camoes.pt](http://www.instituto-camoes.pt)
- Resolver dúvidas: [www.ciberduvidas.pt](http://www.ciberduvidas.pt)
- Lusopatía: <http://lusopatia.wordpress.com/>

- Euronews (B1): <https://pt.euronews.com/>
- Infominuto(A2/B1): [https://www.youtube.com/watch?v=TyUP60LB6LI&list=PLalUdvyXGNuXRmKK7bW2T6LXGpzjT\\_ygJ](https://www.youtube.com/watch?v=TyUP60LB6LI&list=PLalUdvyXGNuXRmKK7bW2T6LXGpzjT_ygJ)
- Fumaça (C1/C2): <https://fumaca.pt/>

#### Jogos:

-Akinator: o clássico jogo de computador tem também uma app. Um génio numa lâmpada desafia-nos. Temos que pensar uma personagem e ele com perguntas vai adivinhar quem é que é. Disponível no computador: <https://pt.akinator.com/>

-Apalavrados: o clássico Scrabble. <http://www.apalavrados.com/>

-eTabu: um jogo onde os participantes de duas equipas adivinham as palavras-chave apresentadas pelos seus companheiros, que não podem usar as palavras ou gestos proibidos. <http://etabu.xyz/>

-Dark Stories: um jogo onde temos que resolver crimes ou histórias enigmáticas. Ideal para uma tarde com os amigos/as.

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.icecover.darkstories&hl=pt>

-Kahoot: se gostam do jogo com o computador, não duvidem em descarregar a app. Com ela podem seguir kahooters famosos/as, fazer desafios com os amigos/as e jogar mais kahoots interessantes. <https://kahoot.com/>

-Misturadinhos: um tabuleiro com letras misturadas. Temos que seleccioná-las num tempo recorde e formar o maior número de palavras possível. <http://www.misturadinhos.com/>

-Perguntados (Trivia Crack): um jogo tipo trivia onde podemos jogar contra adversários reais aleatórios. Nós também podemos criar ou traduzir as perguntas da comunidade. <http://www.aptdroid.com/perguntados-trivia-crack/>

-Pictionary: dos criadores da app anterior. Este jogo permite desenhar com lápis, caneta ou marcador conceitos. O nosso adversário recebe-os no seu telemóvel e tem de adivinhar.

-Quiz up: é também um trivia, mas com montes de categorias, muitas delas bizarras: Simpsons, frutas, futebol, logótipos...

<https://www.quizup.com/br>

## 6.6- Recursos para autoaprendizaxe

- [Site do Instituto Camões](#)
- [Fonética e fonologia do português](#)
- [Etimologia e origem das palavras - Dicionário Etimológico](#)
- [Dicionário de Gírias - Dicionário Popular](#)
- [WordReference.com](#)
- [Portal Galego da Língua - PGL.gal - A nossa língua na rede, a nossa língua no mundo](#)
- [Sobre o dicionário | Michaelis On-line](#)

- [Troca-troca BOAS-VINDAS AO TROCA-TROCA! - Troca-troca](#)
- [Dicionário Bilingue Linguee](#)
- [Dicionário Fonético](#)
- [Dicionário Estraviz](#)
- [Forvo: o guia de pronúncias. Todas as palavras do mundo pronunciadas por falantes nativos](#)
- [Dicionário Priberam da Língua Portuguesa](#)
- [Português com Susana](#)
- [Portuguese with Leo](#)
- [RTP Ensina](#)

### **6.7- Recursos didácticos engadidos polo profesor**

- *Manual de Fonética*. Lidel Edições Técnicas.
- *Gramática Aplicada*. Carla Oliveira. Texto Editores
- *Portugués Lúdico*. Lina Paula Pito. Lidel
- *Vamos contar Historias*. Helena Marques. Lidel
- Xogos variados: Scrable, Trivial Pursuit, etc.

### **6.8- Materiais audiovisuais e TIC**

Todo o profesorado terá aulas virtuais on-line, na plataforma Moodle da escola.

Para efectuar actividades de TICs cos alumnos, xa non contamos coa sala de computadores. Para actividades de busca de información na internet, usaremos o computador de clase, tanto o do profesor como o dos alumnos. Se con isto non fose suficiente, permitiremos o uso puntual dos teléfonos móbiles, apelando a un uso responsable dos mesmos.

Faremos unha lista de aplicacións de teléfono móbil en portugués, para recomendar a instalación aos alumnos e traballar en casa.

O centro conta con 10 tabletas que se poden utilizar en aulas. Fíxose a instalación de software adecuado para traballo en lingua portuguesa, pero ao non funcionar ben a wi-fi do centro non se pode utilizar tanto como sería desexado.

## **7.- Atención á diversidade**

A atención á diversidade constitúe un desafío necesario de resposta de educación de

calidade do departamento de portugués e de toda a EOI. Nunha escola integradora, tolerante e inclusiva, recoñécese a heteroxeneidade como un elemento positivo e enriquecedor nun encadramento de calidade total.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúe o punto do cal o departamento de portugués parte para evitar que as diferenzas viren en desigualdades e desvantaxes entre os alumnos.

Este obxectivo só será atinxíbel se as salas de clase ordinarias se tornaren nun referente básico e o profesor de clase no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, especificamente, aos alumnos con necesidades especiais. O director de clase non debe ceder esta responsabilidade á dirección da EOI, mais antes, a dirección debe colaborar con aquel, de acordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben garantir, tanto canto posíbel, a atención singular aos alumnos que precisaren deles. Os centros deberían responder diferencialmente á diversidade presente nas clases.

O desafío permanente é precisamente ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica de que precisar, axustando a intervención educativa á súa individualidade como persoa.

O principio de “Atención á diversidade” enmárcase nos seguintes parámetros:

1. As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, por tanto, unha característica de todos os alumnos e non só duns poucos.
2. Algúns alumnos precisan de axuda extra-académica ao longo da súa escolarización, quere de tipo persoal ou técnico ou material, para atinxir os obxectivos finais da educación. Por tanto, o factor que marca as diferenzas refírese ao tipo e grao de axudas necesarias.
3. As necesidades educativas dos alumnos aparecen sempre ligadas ás condicións persoais e particulares, froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

## **8- Avaliación**

No departamento de portugués da EOI de Lugo, todos os anos académicos corresponden a unha certificación académica, ao estaren integrados tanto os niveis B2 como o C1 e o C2. Isto significa que a avaliación continua, en caso de que o profesor a queira facer, non terá repercusión na cualificación final, que dependerá exclusivamente do resultado na proba de certificación.

Os alumnos deberán ser avaliados tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos para o nivel correspondente, tal como detalla o currículo de portugués. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación do ciclo que corresponder.

Para permitir aos alumnos avaliaren a súa propia aprendizaxe estableceranse

procedementos de autoavaliación e coavaliación. Realizaranse tres avaliacións, inicial, de progreso e final coincidindo a última coa proba de certificación.

No inicio de cada ano académico, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico dos alumnos que terá carácter informativo para estes e orientador para os profesores, que servirá para determinar as medidas pedagóxicas adecuadas.

A avaliación de progreso será realizada polo profesorado do grupo. A súa función é a de avaliar o progreso da aprendizaxe durante o desenvolvemento do ano académico.

A proba final de certificación conducirá á obtención do certificado deste nivel e permitirá o acceso ao seguinte, en caso de aprobaren. Os alumnos que non superen todas as destrezas establecidas no currículo para ese curso deberán repetir o ano académico.

Os alunos e alunas matriculadas nos cursos terminais de nivel terán dereito a unha convocatória de probas ordinaria, que terá lugar após a finalización do segundo cadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará na segunda quincena de xuño. Na convocatoria extraordinaria, os alumnos e alunas só terán que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. Se non obtiver a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

## 8.1- Avaliación inicial

Como o ensino das Escolas Oficiais de Idiomas segue as directrices propostas polo *Quadro Europeu Comum de Referência* (QECR) para as línguas do Consello da Europa, coo fin de elaborar unha avaliación inicial dos alumnos ao inicio do ano lectivo, estableceuse o uso do *Portefólio Europeu de Línguas* como instrumento de avaliación. Con todo, tratase dunha avaliación en dúas vertentes: por un lado, como avaliación para os docentes do nivel de lingua dos seus alumnos e alunas; por outro lado, como instrumento de autoavaliación dos alumnos e alunas do seu propio nivel de coñecemento do idioma e dos seus obxectivos na nova etapa educativa. A análise final deste inquérito por parte do profesorado, servirá para definir de forma máis adecuada a maneira de enfocar e traballar a programación obrigatoria co obxectivo de conseguir os obxectivos presentes nos descritores de avaliación. Todo este traballo de avaliación entra dentro do cadro de un ensino-aprendizaxe colaborativa entre docencia e discencia.

No inicio deste ano letivo 2022-2023 entre a terceira e quinta semana de setembro, distribúese polos alumnos e alunas o *Portefólio Europeu de Línguas. Ensino secundário+16 anos/adultos*. Este documento recolleuse do site oficial da *Direção-Geral de Educação da República Portuguesa* () por ser o modelo acreditado polo Ministerio de Educação de Portugal.

Deste documento seleccionouse a *lista de descritores para a auto-avaliación*, dende a páxina 27 até a 34. Segundo o nivel ao que pertencen os alumnos e alunas, sonlles entregues dous niveis: o que está certificado e o nivel obxectivo do curso que inicia.

Tendo sempre en conta que o idioma portugués é, dende un punto de vista pedagóxico, unha lingua ambiental, no nivel Básico Integrado proporciónanse os formularios de nivel A1, como nivel base, e de A2 como nivel meta; para os grupos de Intermedio Integrado, os alumnos e alunas cobren os formularios correspondentes ao nivel base A2 e ao nivel

meta B1; e así sucesivamente.

## **8.2- Avaliación de progreso formativa e orientativa**

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das 5 actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e servirlle ao profesorado para coñecer o grado de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A avaliación formativa referese ao leque de procedementos e ferramentas con que profesores, profesoras, alumnos e alumnas empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir que se poidan atinxir obxectivos en etapas concretas. Por tanto, esta avaliación non debe entenderse como una proba desligada do proceso de aprendizaxe, mais como unha observación e valorización do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxectivo situar alumnos e alumnas en relación á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para atinxila. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os niveis.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe; o profesorado irá informando os alumnos e alumnas sobre o seu progreso nas tarefas que este realizar.

O docente elaborará actividades visando avaliar e comprender como os alumnos e alumnas van conseguindo os obxectivos con diferentes ferramentas e instrumentos para ese tipo de avaliación formativa e orientativa: cuestionarios, listas de control, escalas de estimación, protocolos, adaptación das rubricas para a avaliación das actividades de produción... De calquera modo, as composicións escritas e as gravacións orais son os principais instrumentos de avaliación continua usados nas aulas. Em xeral, como xa explicamos, para alén da avaliación do profesor promove-se a autoavaliación e mesmo a avaliación efectuada pelo conxunto da turma. Estas ferramentas, entre outras, servirán para recoller as informacións relevantes sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

Alén diso, ao final do primeiro cuadrimestre, cada profesor/a elaborará un informe personalizado, baseado nos descritores das grellas de avaliación utilizadas nas probas de certificación. No caso das comprensións escrita e oral, terase en conta criterios mínimo exigibles de cada nivel. O informe será acompañado por unha calificación sobre 25 para cada unha das actividades de lingua.

Este informe será enviado por mensaxe privada a través da aula virtual, ou entregado en papel, segundo escolla do/a propio/a alumno/a.

## **8.3- Avaliación final de certificación**

Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial regula os

principios básicos comúns que rexerán o deseño, a elaboración, a administración, e a avaliación e cualificación das probas de certificación oficial dos ditos niveis, así como a publicación dos resultados e os procedementos de reclamación sobre as cualificacións así como no establecido no Decreto 81/2018 polo cal se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 do ensino de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma da Galiza, así como pola Circular 6/2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2021-2022 e a Circular 2/2022 pola que se regulan as probas de certificación. Tamén se terá en conta a *Guía de administración e cualificación das probas de certificación das EOI de Galicia* ou documento análogo que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **8.3.1 Certificación do nivel Básico A2**

A probas do nivel Básico A2 constarán de catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

Cada parte da proba terá un valor de 25 puntos sobre 100, sendo necesario para aprobar ter un 60% de cada parte, isto é, 15 puntos. No caso de que unha parte da proba sexa suspensa con 50% (12,5 puntos) ou máis, a nota global da proba poderá ser de aprobado/a, se a suma de todas as partes é superior ao 65% (65 puntos).

### **8.3.2 Certificación dos niveis B1, B2, C1 e C2**

As probas dos niveis B1, B2, C1 e C2 estarán estruturadas en cinco partes:

- a) comprensión de textos orais
- b) produción e coprodución de textos orais
- c) comprensión de textos escritos
- d) produción e coprodución de textos escritos
- e) mediación.

A proba de mediación constará de dúas partes: mediación escrita e mediación oral. A mediación oral será administrada conxuntamente coa produción e coprodución de textos orais. A mediación escrita será administrada conxuntamente coa produción e coprodución de textos escritos. A pesar diso, a avaliación será separada.

Cada parte da proba terá un valor de 25 puntos sobre 125, sendo necesario para aprobar ter un 60% de cada parte, isto é, 15 puntos. No caso de que unha parte da proba sexa suspensa con 50% (12,5 puntos) ou máis, a nota global da proba poderá ser de aprobado/a, se a suma de todas as partes é superior ao 65% (81,25 puntos).



#### **8.4- Alumando con discapacidade**

A organización e aplicación das probas por parte dos alumnos con discapacidade será realizada con base no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na realización das probas adaptaranse, se for o caso, a duración e condicións de realización das mesmas.

Os alumnos nestas circunstancias deberán, no momento da matrícula, achegar documentación acreditativa da súa minusvalía e cubrir a documentación facilitada pola escola oficial de linguas que, á súa vez, informará os equipos de orientación específicas dependentes da delegación provincial de educación respectiva para as adaptacións pertinentes.

Estas circunstancias deberán ficar reflectidas no expediente académico dos alumnos.

## **9. Medidas necesarias para a utilización das TIC**

As seguintes medidas serán tomadas para garantir ao acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación do lado dos alumnos:

- Recomendaremos aos membros de departamento o uso da aula virtual da EOI de Lugo.
- Utilizar e adaptarse ao novo material adquirido pola escola, concretamente as novas pantallas.
- Dinamización das actividades da escola e do departamento por medio do correo electrónico do departamento, usando para iso a plataforma MailChimp, xa que os correos enviados desde o propio correo están a chegar en moitos casos aos cartafóis de SPAM do alunado.
- Dado o caso que os horarios o permitan, os profesores do departamento participarán naquelas actividades organizadas polo centro que teñan a ver coas novas tecnoloxías.
- Os elementos do departamento farán todo o que estiver nas súas mans para reducir o consumo de fotocopias con recurso a ferramentas informáticas.

## **10. Procedementos para avaliar a programación**

O proxecto didáctico deste departamento visa ser un instrumento flexíbel e adaptábel ás necesidades de cada momento, do lado dos alumnos ou do profesorado. Esta programación e o seu desenvolvemento serán obxecto de seguimento e avaliación específicos, de acordo cos criterios establecidos en cada momento pola comunidade educativa e polos profesores do departamento en particular. Para tal, teranse en conta fundamentalmente dous aspectos.

En primeiro lugar, cada profesor elaborará, ao fin de cada cadrimestre, un informe coas alteracións propostas para o curso vindouro, se se observaren carencias ou dificultades para ministrar os obxectivos e contidos de cada curso. Este informe poderá incluír unha avaliación do funcionamento da programación e, no seu caso, unha proposta de alteración.

En segundo lugar, co obxecto de ser analizadas pola dirección de departamento a fin de posteriormente remitir un informe para a “Comisión de Coordinación Pedagóxica” do establecemento, as seguintes enquisas serán distribuídos entre os profesores do departamento ao fin de cada cuadrimestre (Vid. anexo)

## 11. Procedemento de autoavaliación do docente

O profesorado e o Departamento deben facer unha autoavaliación sobre os resultados obtidos após as diferentes probas feitas aos alumnos e alumnas. Cada docente deberá reflectir sobre a idoneidade da proba e formular unha serie de preguntas:

- Correspondese a proba coa programación de aula?
- Que mecanismos debo activar para mellorar os resultados?
- Axustase a programación ao nivel?
- As actividades na aula ao longo do ano foron as adecuadas?
- Que podo facer para, nunha nova convocatoria, mellorar os resultados, se for posíbel?

Esta autoavaliación debe integrarse en cada reunión de Departamento posterior ás diferentes probas. Nela débense avaliar tanto os resultados individuais como colectivos do Departamento e ponderar a posibilidade de establecer uns criterios de melloría comúns. Estes criterios poden incidir en mellorar as coordinacións de elaboración de probas, as pilotaxes internas das probas e unha avaliación crítica de cada docente sobre o seu traballo.

Ao finalizar o ano e, como parte da memoria do mesmo, faráse un estudo estatístico dos resultados obtidos e analizaranse na reunión de departamento para fixar medidas correctoras, se foren necesarias.

## 12- Plano de lectura

Na materia de portugués sempre se dedica un tempo á lectura, dado que é unha parte importante da materia. A través da lectura o alumnado practica a pronunciación, a boa entoación e a comprensión, así como as habilidades de escrita. Dependendo dos cursos, os textos de lectura son mais complexos ou mais sinxelos. En todo caso, en cada curso aplicaranse as competencias lectoras seguindo a Orde do DOG 13 de xullo de 2007. Eis os libros recomendados:

### Nivel básico A1-A2

- Eça de Queirós, *O mandarim*
- Gonçalo M. Tavares, *O senhor Valéry*
- Jorge Amado, *O gato malhado e a andorinha Sinhá*
- José Saramago, *O conto da ilha desconhecida*
- Machado de Assis, *O alienista*
- Manuel Rui, *Quem me dera ser onda*
- Ondjaki, *Bom dia, camaradas*
- Pepetela, *A montanha da água lilás*
- Sophia de Mello Breyner Andresen, *Contos exemplares*

### Nivel intermedio B1

- Adriana Lisboa, *Azul-Corvo*
- Afonso Cruz, *Jesus Cristo bebia cerveja*
- Dulce Maria Cardoso, *O Retorno*
- José Carlos Fernandes, *A pior banda do mundo*
- José Gomes Ferreira, *Aventuras Maravilhosas de João Sem Medo*
- Moacyr Scliar, *O exército de um homem só*
- Paulina Chiziane, *Balada de amor ao vento*

## **Nível Intermedio B2**

- Gonçalo M. Tavares, *Jerusalém*
- Machado de Assis, *Dom Casmurro*
- Pepetela, *O planalto e a estepe*
- valter hugo mãe, *O filho de mil homens*
- Clara Pinto Correia, *Adeus, princesa*
- José Eduardo Agualusa, *O vendedor de passados*
- Mia Couto, *Estórias abensonhadas*
- Jorge Amado, *Dona Flor e seus dois maridos*

## **Nível avanzado C1 e C2**

- António Lobo Antunes, *As Naus*
- Eça de Queirós, *A ilustre casa de Ramires*
- Herberto Helder, *Os passos em volta*
- José Saramago, *Memorial do convento*
- António Damásio, *O Erro de Descartes*
- Lília Momplé, *Neighbours*
- Sousa Santos, *Boaventura, O Fim do Império Cognitivo*

## 13- Actividades Complementarias

### 13.1- Actividades culturais do departamento até decembro

Data	Actividade	Detalles
Outubro/Novembro/ decembro (data por confirmar)	Viagem a Portugal venres, sábado e domingo	Faremos una viagem cultural para alumnado de portugués de una ou duas noites fora, saíndo no venres/sábado de manñá e regresando no domingo à noite.
<i>Setembro a maio</i>	<i>Saídas con alumnos a actividades que teñan que ver coa lingua e a cultura lusófonas organizadas por outros organismos diferentes á EOI de Lugo.</i>	<i>Saídas con alumnos a actividades que teñan que ver coa lingua e a cultura lusófonas organizadas por outros organismos diferentes á EOI de Lugo.</i>
<i>Setembro a</i>	<i>Concertos</i>	

### 13.2- Actividades culturais xaneiro-maio 2024

Coloquio sobre algún aspecto da lusofonia	Xaneiro a maio
Presentación do traballo dalgunha asociación ou entidade lusófona	Xaneiro a maio
Obradoiros	Xaneiro a maio
Viaxe a Portugal	Março ou Abril
Presentación de libros	Xaneiro a maio
<i>Proxección de filmes</i>	Xaneiro a maio
<i>Concertos</i>	Xaneiro a maio
<i>Saídas con alumnos a actividades que teñan que ver coa lingua e a cultura lusófonas organizadas por outros organismos diferentes á EOI de Lugo.</i>	Xaneiro a maio
<b>Calquera outra actividade que xurdir e for do interese do alumnado.</b>	

## 14- ANEXOS

### 14.1- Inquérito-sondaxe para testar a programación

Inquérito-sondaxe no fim de cada cuatrimestre para testar o resultado da programación:

#### A.Sondaxe para o primeiro cuatrimestre

1. Consideras que os contidos e obxetivos incluídos no primeiro cuatrimestre son apropiados para este ano académico e nivel?

2. Mudarías algún deles para o segundo cuatrimestre? Cais?

3. Incorporarías neste cuatrimestre algún contido ou obxetivo novo? Deslocarías algún contido do segundo cuatrimestre para o primeiro? Cais?

4. Parécenche suficientemente claros os criterios de avaliación establecidos para este cuatrimestre?

5. Achas que os alumnos teñen completada a formación proposta no departamento até esta altura?

6. Hai algún elemento que teña sido descoidado na redación da programación didáctica, e que agora consideras necesario para o seu desenvolvemento? Cais?

#### B.Inquérito para o segundo cuatrimestre:



1. Consideras que os contidos e obxectivos que o departamento determinou na programación didáctica son apropiados para este ano e nivel?
2. Mudarías algún deles para o vindouro ano? Cais?
3. Incorporarías nalgún curso algún contido ou obxectivo novo?
4. Parécenche suficientemente claros os criterios de avaliación establecidos polo departamento para este ano académico?
5. Cres que os alumnos teñen completada a formación que foi proposta polo departamento até esta altura?
6. Hai algún elemento que teña sido descoidado na redación da programación didáctica, e que agora consideras necesario para o seu desenvolvemento? Cais?

## 14.2 Enquisa para avaliar as necesidades de formación do departamento.


CONTIDO DO TIPO DE FORMACIÓN DESEXADA	
APLICACIÓN À DOCENCIA	
DISPONIBILIDADE DE HORARIO E MOBILIDADE PARA FACER O CURSO	
NIVEL REQUERIDO A RESPEITO DOS CONTIDOS:  1. INICIACIÓN  2. INTERMEDIO  3. AVANZADO.  4. APERFEIZOAMENTO	
CONSIDERO ESTA FORMACIÓN:  1. URXENTE  2. NECESÁRIA  3. DESEXÁBEL	

ESTA PROGRAMACIÓN FOI ELABORADA E APROBADA POR TODOS OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS.

ASINAN A PROGRAMACIÓN OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO.


Prof. Maria Vilaverde Lamas

(Xefa de departamento)



Prof. Uxio Outeiro Lojo

(Profesor con destino definitivo no centro)



Prof. Elisabete Ares Licer

(Profesora con destino provisional no centro)

